

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO E A FEDERACIÓN DE LIBRERÍAS DE GALICIA.

En Lugo, abril de 2023

Dunha parte, dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, con DNI número 32.773.589-S, actuando en nome e representación como Ilma. Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Excmo. Concello de Lugo con NIF P-2702800J e domicilio en praza Maior nº 1, Lugo.

E doutra parte, Maria del Cielo Fernández, con DNI número 33.861.734-F actuando en nome e representación da Federación de Librarías de Galicia con NIF V-15038458, e domicilio, a efectos deste Convenio, na República do Salvador, 28 Santiago de Compostela.

Ambas as dúas partes, interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que teñen conferidas para conveniar en nome e representación das institucións que representan

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a Federación de Librarías de Galicia ten entre as súas finalidades e competencias a promoción do libro e das librerías de Galicia mediante a celebración das Feiras do Libro na Comunidade Autónoma de Galicia.

SEGUNDO.- Que a Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo ten entre as súas competencias, conforme ao disposto no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a realización de actividades e a prestación dos servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, entre outros, en materia de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local e de promoción da cultura e equipamentos culturais.

Por dito motivo, en exercicio das súas competencias e para a xestión dos seus intereses, ten vontade de promover este convenio.

TERCEIRO.- Que as dúas partes coinciden na necesidade de xuntar esforzos para a consecución dos seus respectivos obxectivos e intereses comúns e que, por conseguinte, estiman conveniente, por medio deste documento, establecer a coordinación e colaboración respecto á celebración da Feira do Libro na cidade de

de Lugo que conta cunha variada programación complementaria de actividades culturais e festivas.

Por todo o exposto ambas as dúas partes acordan asinar o presente convenio de colaboración en base as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto deste convenio, é a realización da Feira do Libro novo, que terá lugar entre o 13 e o 17 de maio nas inmediacións da praza Maior, cun horario previsto de 11:30 a 14:00 e de 17:30 a 21:00 horas, contribuíndo así a enriquecer a oferta cultural á que teñen acceso os cidadáns e cidadás de Lugo, así como á consecución dos fins e competencias das dúas partes.

SEGUNDA.- ACTUACIÓNS A REALIZAR POR CADA PARTE. OBRIGAS E COMPROMISOS ECONÓMICOS

A entidade Federación de Librarías comprométese a asumir a coordinación da montaxe, e desmontaxe da feira, así como o seguimento do desenvolvemento da Feira do Libro durante as datas de celebración, asumindo os custes derivados do seguintes conceptos: persoal de seguridade nos días da feira, persoal de secretaría, desenvolvemento de actividades, aluguer dunha carpa, mobiliario para a carpa, certificado de instalación, equipo de son, wifi, xestión de redes sociais, gráfica e publicidade nos medios de comunicación. O importe destas gastos, segundo a documentación achegada pola entidade aos efectos, ascende a 10.690,00 euros máis IVE.

Ademais, en toda a publicidade do evento e en tódolos soportes que se utilicen na execución da actividade farase constar a colaboración da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo.

Pola súa parte, o Concello de Lugo comprométese a autorizar o uso do espazo público e a sufragar os gastos derivados da instalación e o aluguer das casetas ou stands de venda que se utilizarán durante a celebración da feiras. O importe destes gastos ascenderá ata un máximo de 7.150,00 euros iva incluído. Neste sentido a achega económica por parte do Concello satisfarase mediante a propia contratación do alugamento dos stands e o seu pago directo ao contratista.

Así mesmo, comprométese a realizar a oportuna publicación no rexistro de convenios, de conformidade co artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á Información Pública e Bo Goberno.

As achegas financeiras que se comprometen a realizar os asinantes non son superiores aos gastos derivados da execución do convenio.

Non hai contraprestación económica entre as partes asinantes do convenio, senón a participación de ambas as dúas nun fin/interese común.

TERCEIRA.- DECLARACIÓNS RESPONSABLES DA ENTIDADE PRIVADA

Coa sinatura deste convenio, A Federación de Librarias de Galicia declara responsablemente os seguintes extremos:

- Que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.
- Que non ter pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
- Que achegará calquera outra xustificación que puidese ser requirida polo Servizo Municipal de Intervención no exercicio das súas funcións de fiscalización.

CUARTA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

Os compromisos económicos derivados das obrigas a asumir por parte do Excmo. Concello de Lugo realizaranse con cargo á partida orzamentaria 33000.22699 RC: 22986/2024.

QUINTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

A xustificación da execución do convenio quedará acreditada coa realización da actividade obxecto do mesmo. Neste sentido a federación de Librarías de Galicia achegará unha vez rematada a actuación unha declaración de que mesma foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio, que se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na súa execución que a actividade foi obxecto de colaboración por parte da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e onde se inclúan a efectos estatísticos os datos de asistencia.

Como a achega do Excmo. Concello de Lugo se concreta na propia contratación da instalación e aluguer dos stands de venda durante a celebración da feira e o seu pago directo ao contratista, sen que exista pagamento algún á citada compañía, a xustificación desta prestación e o seu pagamento realizarase contra factura electrónica presentada a través da plataforma FACE e o aplicativo Buoweb de TAO, coma o resto de facturación con cargo aos Servizos do Concello de Lugo.

SEXTA.- DURACIÓN

A duración do presente convenio circunscríbese á realización da Feira do libro novo indicado na cláusula primeira, sen que esté contemplada prórroga algunha.

SÉTIMA.- MODIFICACIÓN

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

OITAVA.- EXTINCIÓN E EFECTOS

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

O incumprimento de calquera das cláusulas do Convenio de colaboración dará lugar á rescisión inmediata das obrigas contraídas polas partes.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da mencionada 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52.2 da amentada Lei 40/2005 (LRXSP).

NOVENA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento a Ilma. Tta. de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Excmo. Concello de Lugo e figurará como vogal de dita comisión un técnico adscrito ao Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización.

A comisión de seguimento reunirase con unha periodicidade mínima que garanta o seguimento e a correcta execución deste convenio, poderá reunirse a proposta de calquera das partes, realizándose convocatoria da reunión con 24 horas de antelación.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP. Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- Velar polo cumprimento deste convenio.
- Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións e programas que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
- Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- Enviar copias das actas das reunións destas comisións, así como do resto dos documentos que se emitan no desenvolvemento e execución deste convenio e que podan ser requiridos polos Servizos de Control Interno municipais.
- Presentar unha memoria final da actuación na que se recollan as actividades realizadas, os medios humanos e materiais empregados , o orzamento definitivo e o balance de ingresos e gastos, ademais daqueles outros aspectos que se consideran salientables en relación á execución do convenio. Os datos resultantes desta memoria poderían dar lugar a unha reformulación das obrigas económicas asumidas polas partes asinadas.
- Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

As partes comprométense a resolver de xeito amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

DÉCIMA.- SISTEMAS DE COMUNICACIÓN, INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen do investimento, actividade ou actuación, incorporaranse os “logotipos” institucionais da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Excmo. Concello de Lugo.

As partes autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- CARÁCTER DO CONVENIO DE COOPERACIÓN.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdicción contencioso – administrativa.

O presente convenio non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

DÉCIMO SEGUNDA.- PUBLICIDADE

Realizar a oportuna publicación no rexistro de convenios, de conformidade co artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Lugo, sinatura dixital

Asdo.: Dna. Tareixa Antía Ferreiro Tallón, Ilma. Tta. de Alcaldesa da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Excmo. Concello de Lugo

Asdo.: Dna Cielo Fernández Fernández, que actúa en nome e representación da Federación de Librarías de Galicia.